



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD75PRO01

Programación de A Música nos medios audiovisuais (6º de Grao Profesional)

Índice

1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	3
3.	Atención á diversidade	3
4.	Temas transversais	3
4.1	Educación en valores	3
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	3
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	3
6.	Secuenciación do curso	3
6.1	Curso: 6º Grao Profesional	3
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	5
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	5
9.	ANEXOS	6
1.	Introdución	3
2.	Metodoloxía	3
3.	Atención á diversidade	3
4.	Temas transversais	3
4.1	Educación en valores	3
4.2	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	3
5.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	3
6.	Secuenciación do curso	3
6.1	Curso: 3º de Grao Profesional	3
7.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	5
8.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	5
9.	ANEXOS	6
9.1	Proba de acceso 6º de grao profesional	6
9.2	Criterios para a obtención de matrícula de honra	6
9.3	Covid 19	6

1. **Introdución**

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 45 que as ensinanzas artísticas teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Grao profesional:

A lei orgánica 2/2006 do 3 de Maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Asemade, a citada lei orgánica no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes do departamento de Fundamentos de Composición no Conservatorio Profesional de Música de A Coruña.

2. **Metodoloxía**

A finalidade das materias optativas nas ensinanzas de Grao Profesional é permitir ao alumnado participar activamente na configuración do seu currículo académico, así como abrir novas vías que ofrezan outras posibilidades nas ensinanzas de Grao Superior.

Esta materia de A música nos medios audiovisuais está orientada a dotar ao alumnado dos coñecementos esenciais para poder ter una visión crítica do Medio Audiovisual en todas as súas variantes, e no manexo da música como elemento integrador.

Haberá un achegamento teórico, para máis adiante poñer en práctica os coñecementos adquiridos, e ser capaces de elaborar unha pequena peza audiovisual.

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia de A música nos medios audiovisuais serán principalmente, o coñecemento do sistema sonoro audiovisual, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios escritos, nun editor dos manexados na asignatura de Novas Tecnoloxías.
- Análise de partituras cinematográficas variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura audiovisual
- Maior musicalidade nas liñas melódicas
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro do cine.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

3. Atención á diversidade

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer despostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de A música nos medios audiovisuais; ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

No caso do alumnado que non cursou Novas Tecnoloxías deberá realizar un esforzo para conseguir manexar os distintos editores dixitais ali tratados, como mínimo para realizar os seus traballos, tendo en conta o nivel acadado na devandita asignatura.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen perjudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo.

Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá buscalo mediante as tutorías.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

A educación no ámbito musical non debe acabar no simple feito do desenvolvemento de destrezas técnicas e un desenrolo da sensibilidade musical. Para unha formación integral do alumnado tamén é importante o tratamento de contidos transversais.

Estes contidos que responden á realidade da vida cotiá no ámbito social son esencialmente de carácter actitudinal e representan uns elementos educativos básicos que deben incorporarse nas diferentes áreas có fin de conseguir unha plena integración do alumnado na sociedade actual. O tratamento destes contidos debe espertar no alumnado unha especial sensibilidade cara a dita realidade.

O carácter participativo e colaborador da práctica musical, facilita a incorporación destes temas á aula; temas como a igualdade de oportunidades para ambos sexos, o derrube das barreiras raciais, a educación para a saúde, compromiso có medio ambiente ou, educación para a paz...poderán ser incorporados na aula.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

A irrupción das tecnoloxías da información e da comunicación na nosa vida cotiá, é cada día mais patente polo que, o estudo da música nos conservatorios aínda que na maioría dos casos cingúese á práctica interpretativa empregando instrumentos tradicionais, o uso das TIC's pódense empregar có fin de complementar e facilitar o proceso de ensinanza – aprendizaxe, moi necesario nesta asignatura de A música nos medios audiovisuais

O uso de materiais audiovisuais relacionados coa materia, xa non é unha novidade, especialmente dende a aparición de plataformas dixitais como YouTube, Vimeo, Spotify, etc.Estas plataformas unidas á compartición masiva de material audiovisual facilita o seu uso na aula, para a exemplificación con obras que utilizan o mesmo material harmónico básico no cine que o utilizado na aula así como explorar diferentes posibilidades de harmonización dun mesmo elemento audiovisual, etc.

Por outro lado a facilidade de xerar dito material con ferramentas como videocámaras, grabadoras, tablets, móbiles...permite analizar na aula diferentes harmonizacións cinematográficas así como a súa interpretación, permitindo isto un maior grao de obxectividade e percepción de sí mesmo de cada alumno.

O material en formato electrónico (partituras, textos, etc.) tamén será útil no desenvolvemento das diferentes actividades da materia, xa que facilita a rápida

distribución do mesmo entre o alumnado así como o seu rápido acceso na aula, no caso de dispoñer dos dispositivos correspondentes.

As plataformas de almacenamento como Dropbox e GoogleDrive permiten a creación de espazos de compartición de material electrónico para os alumnos e así éstos, poderán ser supervisados polo docente. Os motores de busca tamén serán de gran utilidade, especialmente á hora de recopilar información interesante para a materia que se imparte.

O uso de tódolos materiais relacionados coas TIC's empregadas na aula, deben respetar en todo momento as leis de distribución e da propiedade intelectual dos mesmos.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Tendo en conta as características da materia de A música nos medios audiovisuais, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento de composición procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como algunha representación no curso dos traballos propios do alumnado e outras posibles actividades relacionadas coa materia.

6. Secuenciación do curso

A ensinanza de A música nos medios audiovisuais no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes en 6º de Grao Profesional:

6.1 Curso: 6º Grao Profesional

6.1.1 Obxectivos

- Coñecer os elementos básicos da harmonía cinematográfica e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Para acadar este obxectivo hai que ter en conta que o alumnado parte de coñecementos xa desenvolvidos na materia de Novas Tecnoloxías. Coa harmonía do medio audiovisual afondamos nestes contidos e introducimos o seu estudo dende unha perspectiva histórica, empregando a análise de obras.

- Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía tonal, atonal e do século XX.
- Profundizar nos aspectos sonoros e interpretativos da música na imaxe.
- Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios.

Para acadar este obxectivo o alumnado de A música nos medios audiovisuais non se pode limitar a realizar só exercicios escritos, senón que debe de ser capaz de saber como soarán para poder elixir entre as opcións das que dispón.

- Coñecer os distintos mecanismos de asociación sonora coa imaxe.
- Interpretar diversos fragmentos das pezas máis emblemáticas da historia do cine.
- Estudar as diferentes estéticas musicais dende o cine mudo ata a actualidade
- Identificar a través da visualización os procedementos estudados da harmonía tonal e sobre todo, modal.
- Identificar a través da análise de obras audiovisuais os acordes, os procedementos máis comúns da harmonía tonal e non tonal das transformacións temáticas.

Neste curso de A Música nos medios audiovisuais levarase a cabo unha primeira aproximación á análise musical de obras, fragmentos de películas ou incluso trailers cinematográficos. Nesta análise tratarase de identificar os elementos morfolóxicos e sintácticos da música e así, axudar á súa interiorización.

- Analizar os diferentes aspectos musicais da historia do cine no século XX e XXI
- Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma visual.

Trátase neste obxectivo de chegar a comprender a evolución e interrelación constante ao longo da historia do cine entre a forma musical e a visual. O alumnado comprenderá esta relación a través da realización de análises e audicións de obras

musicais de diferentes fragmentos de películas nos períodos da historia da música no cine.

- Aprender a valorar a calidade da música.

O estudo desta materia, sobre todo a través da análise, visión e audición de obras de distintos estilos, descubrirá ao alumnado a grande riqueza harmónica que encerran, contribuíndo a formar o seu espírito crítico.

- Ter actitude crítica ante a escasa calidade harmónica que poidera presentarse tanto en músicas propias ou alleas como en harmonizacións xeradas por medios electrónicos de xeito automático.
- Tocar esquemas básicos no piano ou co editor de son.

A execución ao piano ou co editor de son dos acordes, así como dos procedementos estudados durante o curso, levarán ao alumnado a interiorizar a súa sonoridade e, por tanto, a desenvolver o oído interno.

- Oiros traballos realizados no editor.

Seguindo a mesma liña que o anterior obxectivo, o alumnado deberá oír as harmonizacións realizadas no PC e así ter unha idea real da súa sonoridade con vistas a mellorar a musicalidade dos traballos realizados.

6.1.2 Contidos

Os contidos da materia A Música nos medios audiovisuais son os seguintes:

PRIMEIRO TRIMESTRE:

(a) O estudo de gravación no cine:

-Periféricos, tipos de conexións e conectividade.

-Teclado midi, tarxeta de son, mesa de mezclas, micrófonos, altofalantes.

(b) Creación do mock-up.

-Manexo do midi e o audio dixital

-Plugins de sonido. A Oquestra Sinfónica Virtual. Os instrumentos VST.

(c) Introducción á linguaxe sonora:

-Da música no cine de Einsenstein a Chaplin.

(d) Práctica do sistema de secuenciación sonora. Os seus inicios no cine mudo.

-Música Diégética e Incidental.

-Iniciación ao coñecemento das bandas sonoras do clasicismo visual: Korngold, Rozsa, Steiner. Estudo dos acordes empregados no cine Expresionista e a súa futura repercusión actual: Herrmann. Williams versus Goldsmith.

(e) Uso do editor de partituras:

Realizarase un ou máis traballos trimestrais no editor freeware musescore, unido ó reproductor de video xjadeo mediante un plugin jackaudio para crear unha partitura orixinal dun fragmento de video que pode ser dende un orixinal ata cine mudo ou sonoro.

SEGUNDO TRIMESTRE:

(a) Editor de audio dixital:

-A Ecuilización e os séu procedementos

-Modos de gravación:

-Técnicas de microfonía. Cableado.

- Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

(b) Antecedentes do son:

-Do son monoaural ó audio envolvente. Dolby Atmos.

-Manipulación da onda dixital:

-Tono, Amplitude e Timbre.

(c) Continuación co cine e a súa linguaxe sonora:

- coñecemento das distintas bandas sonoras: Música no cine Francés, Alemán e Italiano. Morricone e Rota. Estudo dos acordes utilizados no cine de suspense: de Hitchcock a Clouzot.

(d) Práctica do sistema de secuenciación no cine sonoro:

-Proposta de José Nieto.

(e) A Música e as súas distintas funcións:

-Expresiva, Narrativa, Ambiental

- Esquema de secuencias de acordes en función dos xéneros cinematográfico.

(f) Estructura do discurso visual:

-Toma, Escea, Secuencia.

-A montaxe e os séu procedementos

-Tipos de planos.

Realizarase un ou máis traballos trimestrais nos editor de partitura e son freeware.

Creacion e gravación da obra orixinal composta no musescore.

TERCER TRIMESTRE:

(a) Manexo do editor de vídeo

(b) Modos de gravación audiovisual:

-Da produción á postprodución. Creación de story-board. Ó móbil como ferramenta de vídeo. Da sección áurea a regra dos tercios.

(c) Introducción a linguaxe visual contemporánea.

(d) O guión escrito e a súa conversión visual. Desenvolvemento do traballo práctico musical. Interpretación das partituras analizadas e estudadas nos trimestres pasados cos editores de son.

(e) Secuenciación coa imaxe en tempo real dunha partitura filmica de propia creación emulando as que engloban distintas etapas sonoras do cine: mudo, suspense anos 50, contemporáneo ou español. Técnica do mickey-mousing.

(f) A música sinfónica nos videoxogos. Principais movementos armónicos e a súa instrumentación. Música procedural e xerativa.

(g) Análise de partituras, audicións e fragmentos audiovisuais seleccionados polo docente dende o cine mudo até a actual publicidade e videoxogos. Traballo final: crear unha curtametraxe orixinal por grupos ou individual. Realización dunha pequena historia guionizada, para a súa posterior grabación en imaxes e secuenciación sonora cunha banda sonora orixinal composta polo propio alumno coas técnicas adquiridas durante o curso. Realizarase un ou máis traballos trimestrais nos editorores citados, ademais da Práctica auditiva e instrumental:

6.1.3 Avaliación

Dado que os criterios de avaliación miden o grao de consecución dos obxectivos, estes repítense aquí, engadindo os criterios de avaliación relacionados:

Criterios de avaliación

O inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliación inicial dos coñecementos musicais adquiridos na súa anterior etapa co linguaxe musical, a harmonía e as novas tecnoloxías.

Criterios de avaliación para o 1º, 2º e 3º Trimestre:

1. Coñecer os elementos básicos da harmonía audiovisual e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

Identificar os elementos básicos da harmonía audiovisual e as súas características, funcións e transformacións nos contextos históricos.

2. Empregar en traballos escritos os elementos e os procedementos estudados da harmonía audiovisual.

Realizar exercicios a partir dunhas imaxes dadas. Compor exercicios breves a partir dun esquema audiovisual dado ou propio.

3. Desenvolver o oído interno na análise e na realización de exercicios escritos

Interiorizar os principais elementos morfolóxicos e sintácticos da harmonía audiovisual.

4. Identificar a través da audición os acordes e os procedementos estudados na música audiovisual.

Identificar auditivamente os principais elementos morfolóxicos e procedementos sintácticos da música no cine.

5. Identificar a través da análise visual de obras curtas, os procedementos máis comúns da música na imaxe e as transformacións temáticas.

Identificar mediante a análise de obras sinxelas todos os elementos que forman parte da materia audiovisual relacionados coas obras propostas.

6. Comprender a interrelación dos procesos harmónicos coa forma visual.

Comparar obras musicais dos períodos do cine mudo, sonoro, animación, videoxogos, trailers, demos e publicidade a partir das súas características formais.

7. Aprender a valorar a calidade da música na imaxen.

Valorar a calidade dos exercicios propostos. Comentar, a través da análise visual e sonora de obras cinematográficas ou fragmentos representativos dos diversos períodos estudados, a diferente calidade da música.

8. Recoñecer os aspectos culturais do ámbito cinematográfico.

9. Aportar información sobre as características formais, estruturais e normas de interacción audiovisual que condicionan o uso da linguaxe sonora.

10. Demostrar un nivel básico para poder entender, traducir e interpretar a música no cine e o seu significado.

11. escoitar e clasificar fragmentos musicais correspondentes a un film en cuestión, tendo en conta as pequenas variacións que algunhas veces é necesario facer na motivación melódica da imaxe.

12. Explicar persoaxes, accións e argumentos para detectala comprensión da imaxe sonora.

13. Dominar os aspectos básicos do guión, storyboard, montaxe e realización sonora.

Mínimos esixibles

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais e, das probas trimestrais e a final. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5. Deberáanse demostrar un mínimo de destrezas que consisten en:

1. Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios cun mínimo de erros, a súa puntuación será dun 20%.

2. Emprego dunha secuencia harmónica acorde a imaxe dada, sendo este aspecto a columna vertebral do audiovisual, a súa puntuación será dun 50%.

3. Valorarase a boa condución co visual da orquestación e a súa puntuación será de 30%.

Estos aspectos se refiren tanto o traballo individual como á proba ou probas escritas trimestrais.

Os erros técnicos na realización do exercicio audiovisual descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo estes: erro de sincronía, harmonía errónea coa imaxe, disposición incorrecta dos instrumentos, realización incorrecta de progresións harmonica coa imaxe..., a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo profesor na proba escrita).

Aqueles alumnos que leven un suspenso nun trimestre non terán que recuperalo, por ser o contido da materia acumulativo; se un alumno leva un suspenso nun trimestre e aproba o seguinte é suficiente.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Os principais procedementos de avaliación serán:

- Corrección individual trimestral de un ou máis exercicios propostos polo profesorado, contidos que se están a traballar, a valoración destes exercicios suporá na nota do trimestre un 50% da nota final.

- Proba ou probax obxectivas trimestrais que poderán ser tanto teórica como práctica: a súa valoración na nota do trimestre será dun 40%.

-Ademais dos contidos procedementais antes mencionados, terase en conta o talante, o comportamento e a implicación no traballo do alumnado na consecución dos valores e actitudes recollidos na programación, que suporán o 10% desta porcentaxe.

No caso de ter oito faltas de asistencia para os grupos dedúas sesións semanais

e catro faltas de asistencia para os grupos dunha sesiónsemanal) o alumnado deberárealizar unha proba únicaa finais de maio ou primeiros de xuño, que consistirá nun exame teórico-práctico, ademáis de entregar uns traballos (mínimo 2), a determinar polo docente dos contidos da materia (serán proporcionados con 15 días de antelación). Para unha avaliación positiva desta proba o alumnado deberá ter un 5 na proba obxectiva, así como un 5 nos traballos propostos: a ponderación destas notas será dun 45% e 55% respectivamente.

Os puntos dos que constará dita proba final serán os especificados a continuación, e o profesor da materia poderá excluír aqueles que considere que o alumno ten superados ó longo da súa asistencia a clase:

- a) Proba escrita de coñecementos acerca dos temas teóricos que aparecen na programación do curso e que consistirá en dar resposta a unha serie de preguntas propostas polo profesor. Puntuación 5 puntos (sobre 10).
- b) Proba práctica sobre un ou varios dos programas de edición manexados nas distintas avaliacións no que se comporá un tema musical asociado a una imaxen en movemento. Puntuación 5 puntos (sobre 10).

A duración total da proba non excederá as 2 horas de duración.

Criterios de cualificación

O inicio das clases realizarase unha proba escrita, como avaliación inicial dos coñecementos tecnolóxicos básicos da nosa era dixital adquiridos na súa etapa actual tanto no colexio, casa ou instituto.

A nota final dependerá de dous factores, os exercicios ou traballos individuais e, das probas trimestrais e a final. Para unha avaliación positiva a nota final debe ser igual ou superior a 5. Deberánse demostrar un mínimo de destrezas que consisten en:

- Coñecemento teórico e práctico dos elementos que forman parte dos contidos do curso, empregándoos nos exercicios practicos escritos cun mínimo de erros.
- Emprego dunha secuencia musical coa imaxe no editor, sendo este aspecto a columna vertebral da asignatura, a súa puntuación será dun 6 como mínimo.
- Valorarase a bó coñecemento da teoría e a súa puntuación mínima será de 3.

Estos aspectos se refiren tanto o traballo individual como á proba ou probas escritas trimestrais.

Os erros técnicos na realización do exercicio descontarán puntos á cualificación máxima de 10, sendo éstos errores de no coincidencia con el material a elaborar, errores de sincronía, de no concordancia harmónica,, a súa penalización oscilará entre 0,5 e 1 punto por cada erro (será especificado polo profesor na proba escrita).

Aqueles alumnos que leven un suspenso nun trimestre non terán que recuperalo , por ser o contido da materia acumulativo; se un alumno leva un suspenso nun trimestre e aproba o seguinte é suficiente.

6.1.4 Medidas de recuperación

A materia de A música nos medios audiovisuais ten unha avaliación continua, polo que a recuperación das probas obxectivas realizadas na aula realizaránse no seguinte trimestre. Se o remate do 3º trimestre a avaliación nestas probas fose negativa, realizarase unha proba final que consistirá nunhas preguntas teóricas e unha transcripcion nun editor de partituras do material dado, valorando a súa correcta realización (60% da nota final), e unhas preguntas teóricas do contido do curso (40% da nota final).

Procedementos de recuperación ordinarios

A proba realizarase a finais do mes de maio na aula e no horario correspondente á materia a recuperar. A nota final da materia constará: desta proba obxectiva (60%) así como os exercicios ou traballos do último trimestre (40%).

Probas extraordinarias de setembro

A proba extraordinaria de setembro consistirá en:

Unha realización da proba final que consistirá nunhas preguntas teóricas e unha transcripción nun editor de partituras do material dado, valorando a súa correcta realización (60% da nota final), e unhas preguntas teóricas do contido do curso (40% da nota final).

- Ó alumnado daráselle un tempo máximo de 90 minutos para a realización e posta en limpo do exercicio, nun PC

Os criterios de avaliación serán:

- Calificación dos contidos da materia reflexados no programación, utilizando estes elementos en base aos procedementos nos que se baseará o exercicio proposto. Este apartado valorarase como o 70% da nota final.
- Avaliarase a creatividade das distintos elementos empregados. Este apartado valorarase como o 30% da nota final.

A puntuación será a especificada no apartado dos mínimos esixibles desta programación.

6.1.5 Recursos didácticos

Os resultados que pretendemos acadar nesta materia serán principalmente, o coñecemento do sistema musical do medio audiovisual, tanto a nivel morfolóxico (elementos individuais) como semántico (significado e funcionamento).

En todo este proceso deberase fomentar a creatividade do alumnado dende o primeiro momento, estimulándoo a realizar pequenas obras, nas que se vaia introducindo, pouco a pouco, cada novo elemento aprendido.

Deben interiorizarse todos os novos elementos, polo que serán traballados dende o punto de vista de:

- Realización de exercicios no PC
- Análise de partituras variadas e progresivamente máis complexas.

Con todo isto trataremos de acadar:

- Maior corrección na escritura musical dunha banda sonora
- Maior musicalidade nas liñas melódicas que pida a imaxe.
- Unha clara comprensión da funcionalidade dos acordes dentro da imaxe correspondente.

A metodoloxía apoiarase nos seguintes principios metodolóxicos:

- A formación individual e personalizada
- Desenvolvemento dunha metodoloxía activa e de participación
- A formación e desenvolvemento do espírito crítico
- Desenvolvemento da capacidade creativa
- Mostra da utilidade do aprendido
- A orientación educativa

7. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución.

Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de harmonía, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo, etc.

Comentásenlle regularmente os resultados globais de cada avaliación e calquera

cuestión que os membros do departamento consideren oportuna. Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

9. ANEXOS

9.1 Proba de acceso 6º de grao profesional

Non se contempla

9.2 Criterios para a obtención de matrícula de honra

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra concederase ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento de Fundamentos de Composición, a instancia do profesorado que imparte a materia de harmonía.
- c) As propostas do departamento elevaráanse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

9.3 Anexo para o desenvolvemento da ensinanza e adaptación da Programación Didáctica para o curso 2020-2021 debida situación de pandemia por causa do Covid-19.

En aplicación das instrucións do 31 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento das ensinanzas de réxime especial para o curso 2020-2021, a partir da Orde EFP/561/2020, de 20 de xuño, pola que se publican acordos da Conferencia Sectorial de Educación, para o inicio e desenvolvemento do curso 2020-2021, e Resolución conxunta das consellerías de educación, universidade e formación profesional e de sanidade pola que se aproba o protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 para o inicio do desenvolvemento da actividade lectiva no curso académico 2020/2021 nos centros de ensino non universitario de Galicia, así como as sucesivas modificacións, establécense as seguintes directrices para a súa concreción nesta programación:

9.3.1. Avaliación inicial.

A avaliación inicial, tanto no caso de actividade lectiva presencial como non presencial, empregárase para observar e analizar se existen aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2019/2020, así como a situación emocional do alumno, para poder mellorar e actuar sobre o proceso de ensinanza-aprendizaxe de maneira personalizada e comezar a traballar a partir de estas aprendizaxes non adquiridas. A avaliación inicial, así como o Plan de Reforzo para os alumnos que o necesiten, quedará reflectida na primeira reunión de departamento, tras o inicio da actividade lectiva, no apartado de seguimento da programación.

9.3.2 Plan de reforzo

O plan de reforzo para o alumnado de música nos medios audiovisuais non se contempla, pois este é o primeiro ano que teñen que cursar esta materia. No caso de ter que pasar nalgún momento a ensinanza non presencial durante o curso 2020-2021, poidan avanzar no proceso de ensinanza-aprendizaxe e acadar os obxectivos e contidos do curso.

Con este fin, unha vez detectadas as necesidades, o profesorado elaborará actividades, fomentando o emprego das novas tecnoloxías:

a) Liña de actuación a través da bibliografía: Empregaranse os medios dixitais para fomentar a capacidade analítica e de autonomía no traballo. As actividades propostas xirarán en torno á realización de traballos sobre a biografía relativa aos contidos da materia. Estas actividades estarán guiadas polo profesor a través da aula virtual ou dos medios que se consideren necesarios, plasmándose en traballos escritos, musicais o videográficos, así como aplicación directa no traballo do curso por parte do alumno.

b) Liña de actuación a través da técnica: Para mellorar aspectos técnicos concretos do alumno, o profesor elaborará sesións de estudo que compartirá en streaming ou a través dos medios dixitais antes citados e verificará a evolución mediante a corrección de probas, partituras, vídeos ou programas usados curso que elaborarán os alumnos.

9.3.3. Actividade lectiva semi-presencial ou non presencial.

Se a actividade lectiva pasase a non presencial para algún alumno, o seguimento do alumno e as clases realizaranse a través da aula virtual facilitada pola Consellería de Educación, Universidade e FP e/ou a plataforma de CentrosNet do centro, así como aplicacións para a realización de videoclases ou envío e recepción de materiais, no caso de ser necesarias estas últimas. As aplicacións empregadas serán:

- Moodle
- Whatsapp
- Zoom
- Edmodo
- Google Meet
- Skype
- Dropbox
- Google Drive

- Microsoft Teams
- Correos electrónicos (para o envío e recepción de tarefas)
- Chamadas telefónicas (para a resolución de dúbidas concretas)

Empregaranse calquera ferramenta que se considere necesaria para garantir o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumno e a comunicación fluída co profesor, na medida das posibilidades do mesmo.

As clases non presenciais realizaranse, na medida do posible, durante o horario lectivo asignado para cada alumno.

9.3.4. A avaliación

A avaliación no caso de semipresencialidade ou non presencialidade realizarase mediante as ferramentas antes mencionadas:

- Os criterios de avaliación, mínimos esixibles e criterios de cualificación serán os mesmos que figuran para o curso.